

**ADAPTACIÓN DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO 3º TRIMESTRE, COMO  
REFORZO DOS DOUS PRIMEIROS TRIMESTRES.**

**5º DE EDUCACIÓN INFANTIL**

<b><u>ÁREA I. COÑECEMENTO DE SÍ MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL</u></b>	
<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</b>	<b>INDICADORES</b>
Coñecer e representar o propio corpo controlando con cada vez maior precisión xestos, movementos e posicións.	1-Identifica as posicións de fronte e de costas. 2-Identifica posicións opostas cun elemento de referencia: diante/detrás, enriba/debaixo.
Identificar e expresar os propios sentimentos, necesidades e preferencias.	3-Identifica as necesidades físicas propias e intenta satisfacelas de xeito autónomo.
Adquirir hábitos relacionados coa hixiene, a saúde e o coidado dos espazos do contorno.	4-Manifesta actitudes de respecto, conservación e coidado do medio. 5-Mostra hábitos de coidado e respecto cara ás plantas e os animais.
Resolver con autonomía adecuada á súa idade algunhas actividades da vida cotiá.	6-Mostra actitude de axuda e colaboración cos compañeiros do grupo. 7-Valora o traballo ben feito, tanto propio como alleo.

## ÁREA II. COÑECEMENTO DO CONTORNO

<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</b>	<b>INDICADORES</b>
Identificar e nomear algúns dos compoñentes do medio natural, establecendo relacións sinxelas de interdependencia.	1-Coñece distintos tipos de plantas. 2-Identifica as partes dunha planta. 3-Discrimina e clasifica animais atendendo a algún atributo. 4-Identifica alimentos de orixe vexetal e animal. 5-Identifica distintos tipos de paisaxes.
Manifestar actitudes de coidado e respecto cara á natureza, e participar en actividades para conservala.	6-Mostra interese polo coidado das plantas e os animais do seu contorno.
Coñecer as necesidades, ocupacións e servizos na vida da comunidade.	7-Coñece algunhas profesións.
Recoñecer os cambios que se producen no contorno polo paso das estacións.	8-Recoñece algúns cambios que se producen no medio físico e nas actividades humanas relacionados coas estacións.
Identificar formas de lecer e entretemento no tempo libre relacionándose con nenos e nenas.	9-Coñece e practica distintas actividades de lecer e tempo libre
Utilizar o conto como estratexia de estimación.	10-Identifica e traza os números do 0 ao 6. 11-Asocia os números do 0 ao 6 coa súa cantidade correspondente. 12-Utiliza os ordinais 1.º, 2.º e 3.º en situacións da vida cotiá.
Identificar formas xeométricas en obxectos do contorno.	13-Traza formas planas para reproducir figuras a partir dun modelo.

Identificar os atributos e calidades de elementos para establecer relacións de agrupamentos, orde e clasificación.	14-Realiza series e clasificacións de elementos. 15-Utiliza conceptos de medida para comparar elementos e obxectos.
--	--

<b><u>ÁREA III. LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN</u></b>	
<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</b>	<b>INDICADORES</b>
Utilizar de forma progresiva un léxico variado con boa pronuncia e con crecente precisión en oracións.	1-Emprega un vocabulario adecuado. 2-Pronuncia as palabras do seu vocabulario habitual cunha correcta articulación. 3-Exprésase con oracións completas.
Empregar as normas que rexen o intercambio lingüístico.	4-Utiliza a linguaxe oral para describir e evocar distintos obxectos, escenas, acontecementos e situacións.
Utilizar a linguaxe escrita cunha finalidade real, tendo en conta as convencións do sistema da lingua escrita.	5-Realiza con precisión os trazos propostos. 6-Copia palabras para completar listados. 7-Progresa na escritura do propio nome e o dos compañeiros.
Escoitar e comprender distintos xéneros textuais tanto tradicionais como contemporáneos.	8-Ordena temporalmente as escenas dun conto. 9-Reproduce algúns textos orais: contos, poemas e adiviñas.
Mostrar interese pola aprendizaxe dunha lingua estranxeira.	10-Comprende e utiliza un vocabulario significativo en inglés. 11-Mostra unha actitude positiva cara á aprendizaxe do inglés.
Iniciarse nas novas tecnoloxías.	12-Utiliza adecuadamente os medios

	<p>audiovisuais e tecnolóxicos que existen na aula.</p> <p>13-Participa activamente nas actividades TIC proporcionadas polo/a mestre/a.</p>
<p>Interpretar e valorar obras plásticas do contorno.</p>	<p>14-Mostra interese por coñecer obras de arte da tradición cultural.</p> <p>15-Realiza creacións propias a partir da observación de obras de arte.</p>
<p>Realizar obras plásticas persoais empregando distintos materiais e técnicas.</p>	<p>16-Utiliza distintos materiais e técnicas plásticas</p>
<p>Explorar as posibilidades sonoras de instrumentos musicais.</p>	<p>17-Identifica visual e auditivamente instrumentos musicais diversos.</p>
<p>Escoitar obras musicais do contorno.</p>	<p>18-Canta, escoita e dramatiza cancións, e audicións musicais.</p>
<p>Explorar as posibilidades expresivas do corpo.</p>	<p>19-Participa en actividades en grupo (xogos, dramatizacións, cantos, danzas...) de bo grado.</p>

Esta adaptación da avaliación de infantil está feita en consenso con tódolos membros do equipo